

## COMO DESEÑAR CONTORNAS VIRTUAIS NON SEXISTAS PARA A APRENDIZAXE UNIVERSITARIA

*Campus de Vigo*

### Presentación

---

O curso de “Como deseñar contornas virtuais non sexistas para a aprendizaxe universitaria” insírese dentro das accións formativas institucionais da Universidade de Vigo para o ano 2011. A devandita acción formativa está coorganizada pola Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade e a Unidade de Igualdade, e cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Este curso de carácter práctico ten como propósito amosar ao profesorado exemplos e prototipos de materias virtuais non sexistas así como aqueles criterios e pautas que se han de incorporar no deseño de contidos, actividades e recursos para facer as contornas virtuais das materias máis inclusivos desde unha perspectiva de xénero.

### Obxectivos

---

- Coñecer criterios e pautas para o deseño non sexista de contornas virtuais de aprendizaxe.
- Facer un uso non sexista das plataformas virtuais para promover a aprendizaxe universitaria.
- Coñecer exemplos prácticos de materias deseñadas en contornas virtuais con perspectiva de xénero.
- Elaborar recursos e tarefas de aprendizaxe con perspectiva de xénero.

### Metodoloxía

---

O curso expónse como un obradoiro de carácter práctico orientado a profesorado interesado en incorporar a perspectiva de xénero no deseño da contorna virtual das súas materias.

A metodoloxía baséase en demostracións e presentacións de prototipos de boas prácticas así como na realización de exercicios para o deseño de contornas virtuais non sexistas (contorna gráfica, organización temática, uso dunha linguaxe non sexista, etc.).

---

PROGRAMA DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

---

## **Persoas ás que se destina o curso**

---

O curso está destinado a todo o profesorado da Universidade de Vigo.

## **Duración**

---

Trátase dun curso semipresencial cunha duración de 20 horas.

## **Lugar de celebración**

---

CAMPUS DE VIGO. Sala de Xuntas da Escola de Enxeñería de Telecomunicación.

## **Calendario e horario**

---

Parte presencial:

28 de xuño de (9 a 14 e de 16 a 20) e 29 de xuño de (9 a 14 horas).

Parte virtual:

6 horas despois do curso.

## **Prazas**

---

Ofertaranse 30 prazas que se irán cubrindo por rigorosa orde de preinscrición.

## **Certificado de asistencia**

---

A asistencia a esta actividade formativa será certificada pola Universidade de Vigo a todas as persoas inscritas que asistan a cinco das seis sesións completas que ten o curso e participen satisfactoriamente na parte virtual. (Cada sesión equivale a dúas horas).

---

PROGRAMA DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

---

## Profesorado

---

Olga Buzón García, Rafael García Pérez, M<sup>a</sup> Ángeles Rebollo Catalán e Luisa Vega Car da Universidade de Sevilla.

## Programa

---

1. As tecnoloxías desde unha perspectiva de xénero. Rumbos androcéntricos no deseño e uso de tecnoloxías para a aprendizaxe.
2. Concepcións e usos educativos de diferentes plataformas virtuais de formación.
3. Recursos e ferramentas dispoñibles para deseñar contornas virtuais de aprendizaxe con perspectiva de xénero.
4. Como presentar contidos en contornas virtuais? O uso dunha linguaxe non sexista. As iconas.
5. Modalidades de actividades e tarefas de aprendizaxe con perspectiva de xénero.
6. Exemplos e modelos de contornas virtuais de aprendizaxe non sexistas.

